

**ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO
LOCAL DO 18 DE OUTUBRO DE 2004.**

ALCALDÍA

- 1.- Prórroga por tres meses do convenio en vigor entre o Concello de Vigo e a Escola para as Administracións Públicas Caixanova, para a realización dun programa de iniciación profesional na empresa. Expte. 1486/101.

ASESORÍA XURÍDICA

- 2.- Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no r.c.a. nº 4/2004 interposto por CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A. contra desestimación de rec. reposición en relación con liquidacións de taxas por entrada de vehículos e lixo. Desestimado.
- 3.- Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no r.c.a. nº 84/2004 interposto por Dª Mª GLORIA GONZÁLEZ VILAS contra desestimación presunta de reclamación patrimonial. Estimado parcialmente.
- 4.- Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no r.c.a. nº 150/2004 interposto por D. FEDERICO CABRERA DOMÍNGUEZ contra desestimación presunta de reclamación patrimonial. Estimado parcialmente.
- 5.- Sentenza do X. do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra no r.c.a. nº 112/04 interposto por Gestinova Rías Baixas S.L. contra resolución de Alcaldía sobre sanción de tráfico. Estimado o recurso.
- 6.- Sentenza do TSXG no r.c.a. nº 03/7684/01 interposto por Dª M.C. CABALEIRO RODRIGUEZ E OUTROS contra decreto 62/00 de 16 de marzo de declaración urxente de ocupación dos bens necesarios para execución do proxecto de recuperación de canles no Concello de Vigo. Inadmisíbel o recurso.
- 7.- Sentenza do TSXG no r.c.a. nº 03/7154/2001 interposto por D. SALVADOR MUÑOZ NOGUEIRAS E OUTROS contra resolución sobre depósitos previos e “vías de feito” na expropiación de bens para a execución do Proxecto de recuperación de canles. Desestimado o recurso.
- 8.- Sentenza do TSXG no r.c.a. nº 02/4422/01 interposto por Dª. ANA BELÉN LÓPEZ CARIDE contra desestimación presunta de reclamación de responsabilidade patrimonial. Estimado parcialmente.
- 9.- Sentenza do TSXG no r.c.a. nº 02/4562/01 interposto por D. MANOEL SOTO FERREIRO contra acordos plenarios sobre adxudicación do concurso para a concesión do servizo de recollida e transporte de RSU. Desestimado o recurso.

BENESTAR SOCIAL

- 10.- Proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para o fomento e a homologación das políticas municipalistas de cooperación ao desenvolvemento. Expte. 11024/301.
- 11.- Prestación do Servizo de axuda no fogar: alta exptes. 14/15232, 14/15857, 14/30515 e 14/30634.

FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL

- 12.- Pagamento de dereitos de autor derivados da realización das actividades e espectáculos incluídos no programa das Festas do Cristo da Victoria 2004. Expte. 1220/335.

MOBILIDADE E SEGURIDADE

- 13.- Proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo en materia de mobilidade. Expte. 70115/210.

MUSEO QUIÑONES DE LEON

- 14.- Préstamo da obra “Rapaza con gato” de A. Sotomayor ao Museo Etnográfico Liste de Vigo para exposición. Expte. 1244/337.

PATRIMONIO HISTÓRICO

- 15.- Proxecto de convenio marco para o financiamento da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, anos 2004-2005. Expte. 2185/307.

TURISMO

- 16.- Adxudicación da subministración e instalación de xardiñeiras colgantes en zonas comerciais e peonís. Expte. 1520/104.

URBANISMO

- 17.- Encomenda provisional de funcións da xefatura de negociado de Licenza de Obras a D^a Teresa André Alonso. Expte. 499/407.
- 18.- Aprobación inicial de Proxecto de urbanización polígono entre as rúas San Xoan e Padre Celso. Expte. 4507/401.
- 19.- Cesión gratuíta de terreos para ensanche e mellora da Estrada de Fragoselo a Coruxo. Expte. 40908/250.
- 20.- Rogos e preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ordinaria na súa Sala o día 18 de outubro de 2004, ás 8,00 h. en 1ª convocatoria e ás 9,00 h. en 2ª convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. membros da Xunta de Goberno Local para a súa concurrencia puntual ó acto; notifíquese así mesmo á interventora xeral do Concello, D^a. Berta Guarner González, e ó titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local ós voceiros dos grupos políticos da Corporación, e fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

me.

Vigo, 14 de outubro do 2004.

A ALCALDESA

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Corina Porro Martínez

Lucia Molaes Pérez.